

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefía de Servizo de Servizos Sociais (LORENA ARANZAZU ABAD CARRERA) a las 12:47 del día 20/06/2025. Mediante el código de verificación 0Y6H0Z3D54550G531E6A puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 10519I0NPC	
Código de verificación  0Y6H 0Z3D 5455 0G53 1E6A	Expediente 105/2025/1520	
	Fecha 20-06-2025	

ANUNCIO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DO REQUERIMENTO DE EMENDA DE SOLICITUDES DE BOLSA COMEDOR 2025/2026 E APERTURA DO PRAZO DE EMENDA

I.- CONTIDO DO ANUNCIO:

A concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, por delegación da Xunta de Goberno Local, resolveu o 12/03/2025 aprobar a convocatoria para a concesión de axudas económicas de bolsas de comedor para o curso escolar 2025/2026. A información relativa a esta aprobación foi remitida a Base de Datos Nacional de Subvencións (Identif. 819848), publicándose un extracto da mesma no Boletín Oficial da Provincia do 17/03/2025 (BOP núm. 51).

O prazo de presentación de solicitudes, segundo o apartado 8.3 da convocatoria, quedou establecido do día do 18 de marzo ao 4 de abril do 2025.

Finalizado este prazo revisouse a documentación presentada xunto coa solicitudes de axuda, detectándose unha serie de defectos ou faltas que deben ser obxecto de emenda.

O día 20/06/2025, o órgano instrutor da tramitación desta convocatoria de axudas, adoptou o seguinte acto de trámite que, de forma sintética, detállase a continuación para o coñecemento das persoas interesadas de conformidade co previsto no apartado 12 da convocatoria:

PRIMEIRO.- *Requirir as persoas solicitantes de bolsas municipais para o pagamento de comedores escolares para o curso 2025/2026 a emenda da súa solicitude co contido sinalado nos seguintes documentos:*

Listaxe requirimento de emenda de solicitudes presentadas na súa versión non anonimizada 2025/2026 .- uso interno	CSV (...)
Listaxe requirimento de emenda de solicitudes presentadas na súa versión anonimizada 2025/2026 – uso público	CSV 5W3R 446U 3B67 134J 11JP

A emenda das solicitudes presentadas deberá presentarse no **PRAZO DE DEZ (10) DÍAS HÁBILES**, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, mediante achega da documentación que consta na columna **“REQUIRIMENTO”**.

Esta listaxe recolle por filas todas as solicitudes presentadas que son obxecto de requirimento de emenda de conformidade co previsto no apartado 12.1 da convocatoria de bolsas comedor para o curso escolar 2025/2026, identificadas polo código do expediente individual asociado.

Advértese as persoas interesadas, con solicitudes de axuda que non se referían a un único menor, senón que por erro, a solicitude viña realizada para varios menores, que na listaxe coa totalidade dos expedientes, xunto o asento de rexistro de entrada da solicitude múltiple, ven referenciado cada un dos expedientes individuais creados para cada alumno/a solicitante.



Concello da Coruña

SEGUNDO.- Advertir ás persoas interesadas de que, no caso de que o requirimento de emenda se refira a acreditación do cumprimento de requisitos do apartado 6 ou á presentación da documentación do apartado 10 da convocatoria, de non atender ao requirimento as persoas solicitantes ou de non facelo adecuadamente, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que o requirimento se realice unicamente respecto de documentación complementaria á que se refire o apartado 11 da convocatoria, a falta de emenda ou a existencia de defectos na documentación presentada unicamente provocarán a ausencia de puntuación no apartado correspondente.

TERCEIRO.- Publicar os seguintes documentos no taboleiro de anuncios e edictos do Concello (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>):

- Anuncio que se achega xunto co requirimento de emenda de solicitudes (CSV 0Y6H 0Z3D 5455 0G53 1E6A)
- Listaxe requirimento de emenda de solicitudes presentadas 2025/2026.– uso público (CSV 5W3R 446U 3B67 134J 11JP)).
- Listaxe total de solicitudes presentadas a convocatoria 2025/2026 e expediente individual asociado_ uso público (CSV 1660 4M59 4U0N 6K29 0AZ9).

CUARTO.- Realizar as seguintes accións para dar publicidade ás listaxes de requirimento de emenda das solicitudes presentadas:

- Comunicar o contido desta listaxe ó teléfono de atención cidadá 010 do Concello da Coruña.
- Publicar a listaxe de requirimento, na súa versión anonimizada na páxina web municipal www.coruna.gal/servizossociais

Esta listaxe recolle por filas todas as solicitudes presentadas que son obxecto de requirimento de emenda, de conformidade co previsto no apartado 12.2 da convocatoria de bolsas comedor para o curso escolar 2025/2026, identificadas polo expediente individual persoal, dando así cumprimento ó previsto no artigo 8.4 da convocatoria.

Para facilitar a identificación do expediente de cada persoa solicitante, co requirimento de corrección de solicitudes, publícase unha listaxe que identificará a totalidade das solicitudes presentadas no rexistro segundo o seu código de asento, xunto co número de expediente individual asignado.

Advírtese as persoas interesadas, con solicitudes de axuda que non se referían a un único menor, senón que por erro, a solicitude viña realizada para varios menores, que na listaxe coa totalidade dos expedientes, xunto o asento de rexistro de entrada da solicitude múltiple, ven referenciado cada un dos expedientes individuais creados para cada alumno/a solicitante.

Por outra banda, as solicitudes do listado recollen a seguinte información:

DENOMINACIÓN COLUMNA	DA	INFORMACIÓN
Nº EXPEDIENTE		Número de expediente individual asociado á solicitude consonte o apartado 8.4 da convocatoria
ESTADO		DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA <i>Deben emendarse faltas ou defectos na documentación obrigatoria do apartado 6 e 10 e, no seu caso, á documentación complementaria do apartado 11</i>
		SOLO DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PENDIENTE <i>Detectáronse erros ou falta na acreditación de circunstancias na</i>



Concello da Coruña

	<i>unidade familiar que poder ser obxecto de valoración conforme o apartado 11 da convocatoria.</i>
REQUERIMIENTO	Detalle da información ou documentación obxecto do requirimento a cada persoa solicitante.

De conformidade co previsto na base 12.2 da convocatoria, o requirimento será notificado de forma colectiva de conformidade co previsto nos artigos 45.1.b) e 45.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello. Ademais, a información poderá tamén estar dispoñible na páxina web municipal e no teléfono de información cidadá 010 do concello.

O requirimento deberá ser atendido polas persoas interesadas **NUN PRAZO MÁXIMO DE DEZ (10) DÍAS HÁBILES** dende a publicación do devandito anuncio na sede electrónica do Concello da Coruña.

II.- INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE O CONTIDO DO ANUNCIO:

II.A.- LUGARES DE PUBLICACION

Xunto co presente anuncio publícase no taboleiro de anuncios e edictos municipal ubicados na sede electrónica do concello os seguintes documentos:

Listaxe total de solicitudes presentadas a convocatoria 2025/2026 e expediente individual asociado_ uso público	CSV 1660 4M59 4U0N 6K29 0AZ9
Listaxe requirimento de emenda de solicitudes presentadas na súa versión anonimizada 2025/2026 – uso público	CSV 5W3R 446U 3B67 134J 11JP

Esta información poderá consultarse ademais polos seguintes medios:

1.- Na páxina web de servizos sociais no seguinte enderezo electrónico:

- <https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argldioma=gl>

2.- Telefonicamente, para o que deberá facilitar un número de identificación da persoa solicitante e da persoa que realiza a consulta:

- Teléfono de Atención Cidadá 010, no horario de 08.00 a 20.30 h, de luns a venres e de 09.00 a 14.00 h os sábados.

II.B.- CÓMO REALIZAR A CONSULTA DA LISTAXE.

A listaxe de persoas afectadas polo requirimento de emenda está ordenado atendendo ó número de expediente de menor a maior.

Para coñecer o número de expediente individual asignado a súa solicitude deberá coñecer o número de asento que aparece no rexistro da súa solicitude individual.

Nas solicitudes presentadas de xeito presencial, o código de asento figura no campo “Identificador” que pode consultarse na Portada Normalizada de Documento Electrónico que se lle entregou na oficina do Rexistro.




Concello da Coruña

	
CONCELLO DE A CORUÑA	
PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO	
TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) Esta portada no forma parte del documento original en papel	CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA  
METADATOS (TEXTOS)	
Identificador	
Número/Año	

Se a solicitude se presentou de maneira presencial no Rexistro do Ágora, o seu código de asiento comezará por AGOE, no Fórum Metropolitano por FORE, na Franxa por FRAE e en Mesoiro ou en María Pita por RMPE.

No caso de solicitudes presentadas na sede electrónica o código asignado a cada solicitude aparece no campo “código do asiento” ou no selo dixital de rexistro.

		Selo
CONCELLO DA CORUÑA		
Identificación do rexistro e procedemento		
REGISTRO MARIA PITA		
Solicitud de beca comedor		
Código de asiento		
RMPE140IFB		
Data e hora de rexistro		
29/06/2020 14:17:04		
XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO TELEMÁTICO		
DATA, HORA E NUMERO DE REXISTRO		

Unha vez identificado o código de asiento da solicitude inicial, e para facilitar que as persoas solicitantes coñezan o seu número de expediente, publícase unha listaxe que identificará a totalidade das solicitudes presentadas no rexistro segundo o seu código de asiento, xunto co número de expediente individual asignado.

II.C.- PRAZO PARA A EMENDA E CONSECUENCIAS EN CASO DE NON ATENDER Ó REQUERIMENTO OU FACLO DE XEITO DEFECTUOSO.

Debe sinalarse en relación co requirimento formulado ás persoas solicitantes que a emenda das solicitudes presentadas deberá presentarse no PRAZO DE DEZ (10) DÍAS HÁBILES, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, mediante achega da documentación que consta na columna “REQUERIMIENTO”.

Segundo a data prevista da publicación do anuncio, o prazo para presentar a documentación requirida é dende o día 23 de xuño ao 7 de xullo, ámbolos dous días incluídos.

A dita documentación poderase presentar:

- Nas oficinas dos Rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum, Mesoiro e a Franxa con CITA PREVIA ¹
- Na sede electrónica municipal: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas



Concello da Coruña

No caso de que o requirimento de emenda se refira a acreditación do cumprimento de requisitos do apartado 6 ou á presentación da documentación do apartado 10 da convocatoria, no caso de non atender ao requirimento as persoas solicitantes ou de non facelo adecuadamente, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que o requirimento se realice unicamente respecto de documentación complementaria á que se refire o apartado 11 das bases, a falta de emenda ou os defectos na documentación presentada, unicamente provocarán a ausencia de puntuación no apartado correspondente.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento.

O órgano instructor.

A xefa de servizo de Acción Social